

## **XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DO PROXECTO**

O noso proxecto establece como obxectivo fundamental consolidar e construír sobre os aprendizaxes anteriores. Como consecuencia disto, parte dos seguintes presupostos:

1. Os alumnos terán cursado inglés durante os dous ciclos de primaria (6 cursos)
2. O nivel de entrada dos alumnos de cada grupo de clase será moi diverso, pero isto non deberá ser obstáculo para que o traballo da aula tome como punto de partida os coñecementos previos dos alumnos.
3. Como consecuencia do anterior, as actividades de repaso e reciclaxe de aspectos gramaticais deberán formar parte esencial do curso.
4. Se deberá enfatizar de forma simultánea tanto o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas como a aprendizaxe de contidos léxicos e funcionares.
5. O curso terá que desenvolver capacidades xerais e lingüísticas do alumnado adolescente a través de contidos transversais e socioculturais, ademais dos específicos da área do inglés.

Tanto “Thumbs Up” como “Spotlight”, proxectos curriculares de lingua estranxeira, parten dunhas premisas de carácter xeral a nivel metodolóxico e didáctico, que lles confiren unha absoluta coherencia entre a súa concepción, obxectivos e concrecións organizativas, e lles proporcionan unha enorme potencialidade como materiais curriculares para os dous ciclos da E.S.O.

### **BACHARELATO**

#### **PRIMEIRO CURSO**

1. Os alumnos do primeiro curso do bacharelato poden proceder do propio centro, ou de centros diferentes, coas conseguíntes diferencias de nivel derivadas dos diferentes niveis de exixencia.
2. Se farán avaliacións iniciais para detectar carencias nos coñecementos e nos métodos de traballo dos alumnos a fin de corrixir, no posible, as diferencias de nivel.

#### **SEGUNDO CURSO**

1. Teremos un menor número de alumnos procedentes doutros centros, pero será necesario facer algún tipo de proba inicial para corrixir posibles diferencias de nivel entre os compoñentes do grupo. Se suxerirán métodos de traballo axeitados as necesidades específicas de cada nivel.
2. No segundo curso de bacharelato os contidos serán recopilación dos estudados nos cursos precedentes. O libro de texto será o instrumento que axude os alumnos no seu repaso e o profesor axudará os estudantes a

familiarizarse cos novos métodos de estudio que require a posterior proba de selectividade.

3. Tanto “Bonus 1” como “Bonus 2” se adaptan perfectamente as necesidades dos dous cursos, sendo textos sinxelos que permiten un repaso dos temas gramaticais mais necesarios, deixando tempo para que o profesor poda ampliar os coñecementos dos alumnos con outro tipo de actividades. No caso do 2º curso, usaranse frecuentemente exames das anteriores probas de Selectividade.\_